



ILP  
para a  
DEFENSA  
do BOSQUE  
AUTÓCTONO  
e a LOITA contra  
os INCENDIOS

Foto: Tania Gómez Mourelle

**PARA DARMOS UNHA OPORTUNIDADE  
AOS NOSOS BOSQUES...**



## AS RAZÓNS desta Iniciativa Lexislativa Popular...

- 🔥 **Pola imparábel extensión do eucalipto**, que xa ocupa máis de 500.000 hectáreas, duplicando o previsto polo Plano Forestal vixente para 2032.
- 🔥 **Porque esta árbore esténdese xa polo 17% do total de Galiza**, de xeito de que 1 de cada 5 metros cadrados de territorio está ocupado por un eucalipto.
- 🔥 **Porque lumes e eucaliptos teñen relación directa**: a información oficial amosa que os eucaliptais arden 3,55 veces máis que os bosques de frondosas.
- 🔥 **Pola recente desregulación da biomasa** que aumentará a presión para forestar enormes superficies con cultivos enerxéticos (*Eucalyptus nitens*, *Pawlonia*, *Liquidambar*, bambú...) moitas delas especies invasoras.
- 🔥 **Polo actual modelo produtivo intensamente forestalista** para o monte galego, baseado en aproveitamentos de baixo valor engadido.
- 🔥 **Polo dominio dos monocultivos de especies alóctonas e pirófilas** para pasta, aglomerado e proximamente biomasa, concentrados en moi poucas mans.
- 🔥 **Pola baixa diversificación e multifuncionalidade nos usos do monte**, que devén na existencia dun monopolio dominado polas empresas pasteiro-enerxéticas.
- 🔥 **Porque se está a favorecer o absentismo e o abandono** da actividade agrogandeira que condena a moitos montes e terras agrarias ao eucalipto e finalmente ao lume.
- 🔥 **Pola escasa superficie de montes de xestión pública** cuxa vocación debería ser a conservación dos hábitats naturais, a biodiversidade e a redución do impacto dos lumes forestais.
- 🔥 **Porque despois de 25 anos, seguimos sen un inventario de masas frondosas autóctonas.**
- 🔥 **Polo deterioro dos servizos ecosistémicos** (fertilidade, dispoñibilidade de auga, biodiversidade, etc.) que provocan os monocultivos e os lumes.
- 🔥 **Porque o actual modelo forestal amplifica os impactos do cambio climático.**

## AS PROPOSTAS desta Iniciativa Legislativa Popular...

- 🌿 Fomento da **conservación, a investigación, a multifuncionalidade e a sustentabilidade económica e social.**
- 🌿 Incremento da **xestión pública** dos montes.
- 🌿 Apoio e protección aos **montes veciñais en man común.**
- 🌿 **Pulo ás UXFOR** fronte ás SOFOR como xeito preferente de xestión dos montes privados.
- 🌿 **Moratoria indefinida para novos plantíos de *Eucalyptus* e prohibición na RGEP (Rede Galega de Espazos Protexidos). Programa de redución progresiva** da superficie deste xénero.
- 🌿 **Prohibición dos cultivos forestais de especies exóticas como o *Eucalyptus nitens*, robinias, acacias, *Pawlonia* e bambús**, algunhas delas invasoras. **Erradicación da RGEP.**
- 🌿 **Prohibición das repoboacións en terras agrarias e pasteiros, e eliminación das plantacións ilegais e dos eucaliptos fóra de ordenamento, fomentando a incorporación destas superficies ao Banco de Terras.**
- 🌿 **Porcentaxe de reserva ecolóxica para bosque nativo en plantacións forestais:** o 30% en eucaliptais, o 20% en coníferas e o 10% en frondosas.
- 🌿 **Marco mínimo de plantación para eucaliptais de 4x4m e 20% da masa con ciclo de corta maior de 30 anos.**
- 🌿 **Ruptura masas monoespecíficas con faixas de separación de 100m por cada 50ha de eucaliptos e 50m cada 50ha de piñeiros.**
- 🌿 **Os cultivos forestais destinados a biomasa deberán ter turnos maiores de 10 anos.**
- 🌿 **Maior limpeza nas operacións forestais e retirada subsidiaria das plantacións abandonadas** (máis de 3 aproveitamentos).
- 🌿 Recuperación dos **100m de anchura para as redes secundarias de xestión da biomasa** na loita contra os lumes.
- 🌿 **Incremento das distancias das plantacións forestais a terras de cultivo, ríos, zonas habitadas, vías de comunicación, etc.**

- 🌿 **Promoción do pastoreo e a gandería extensiva como elemento natural de desbroce e prevención de incendios.**
- 🌿 **Perímetro de exclusión 50m das plantacións forestais aos xacementos arqueolóxicos.**
- 🌿 **O PLADIGA será anual e aprobarase no último trimestre do ano anterior ao de aplicación.**
- 🌿 **Realización urxente do Inventario de masas de frondosas autóctonas pendente dende 1992.**
- 🌿 **Fomento da silvicultura con madeiras de calidade.**
- 🌿 **Apoio ás iniciativas de transformación dos produtos do bosque: mobéis de calidade, artesanía e derivados, cogomelos, etc.**
- 🌿 **Axudas directas e exencións fiscais para o mantemento dos bosques autóctonos, mesmo con fins non produtivas.**

## **TI PODES CONTRIBUÍR Á DEFENSA DOS NOSOS BOSQUES: ASINA XA!**

**Colectivos que promoven a ILP:** ADEGA, ADENCO, AGA (AS. GALEGA DE APICULTURA), AGRUPACIÓN MICOLÓXICA A



ZARROTA, ALIBÓS, ARTEU, APDR, ASOPORCEL, ASOC. CULTURAL BIDUEIRO, ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA, BANDULLO ECOLÓXICO, BÉTULA, BICO DE GRAO, BODEGA LÍQUIDO GALLAECIA SL, CARBALLO VIVO, CASTIÑEIRO E NOGUEIRA, CDR ANCARES, CHAO DE CASTRO-ALTAIR, CIG, COLECTIVO AGROCUIR DA ULLOA, COLECTIVO TERRA, COVA DA TERRA, CULTURA DO PAÍS, CVMC DE CUBELA, CONTIMUNDI E ROIS, CVMC DE FROXÁN, CVMC DE LOUSAME, CVMC SOBREIRAS DO FARO, CYCLOWOOD, DATE, EIRA DA XOANA, ENARBORAR O BOSQUE, ERVA, ESPAZO AGROECOLÓXICO A ESTRUGA, FACTORÍA DE IDEAS, FEG (FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA), FORO DO CAMIÑO, FORO ECOLÓXICO DE RIBEIRA, FROUMA FORESTAL, FRUGA, GRUPO NATURALISTA HÁBITAT, HIFAS DA TERRA, KUNTERBUNT KLUGES DESIGN, QUERCUS SONORA, LAGARES VIVO, MEMBROS DO CENTRO INVESTIGACIÓN LOURIZÁN, MARIÑAPATRIMONIO, MILHULLOA, NATURVIVA, ORGACMM, OVICA, PETÓN DO LOBO, PLATAFORMA SARRIANA POLO RÍO, POSADA MARRÓN GLAÇE, PROFESORES/AS DA POLITÉCNICA DE LUGO, PROXECTO MONTENOSO, PROXECTO NEO, RIDIMOAS, RÍOS CON VIDA, SACHOS Á RÚA, SGO (SOCIEDADE GALEGA

DE ORNITOLOXÍA), SOBREIRAS DO ULLA, TESOUROS DE GALICIA, VEVECULTURA SL, VERDEGAIA